



## Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
<b>Asignatura (*)</b>	Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade de formación e orientación laboral		<b>Código</b>	652606621	
<b>Titulación</b>	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral				
Descritores					
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	12	
<b>Idioma</b>	Galego				
<b>Modalidade docente</b>	Presencial				
<b>Prerrequisitos</b>					
<b>Departamento</b>	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Pedagogía e Didáctica				
<b>Coordinación</b>	Varela Urrutia, Roberto	<b>Correo electrónico</b>	roberto.urrutia@udc.es		
<b>Profesorado</b>	Varela Urrutia, Roberto	<b>Correo electrónico</b>	roberto.urrutia@udc.es		
<b>Web</b>					
<b>Descrición xeral</b>	A materia céntrase na construción das competencias relativas á planificación do segundo e terceiro nivel de concreción curricular e integra as aprendizaxes promovidas desde outras materias do módulo xenérico e do módulo específico (Mercado laboral e formación profesional, Inserción e orientación laboral e Proxectos de innovación e investigación nos módulos da especialidade).				



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos:</p> <p>Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Manteranse as mesmas metodoloxías que figuran na guía docente, pero empregando os medios online de que dispoñemos: Teams, Correo da UDC e Moodle.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Correo electrónico: diariamente o alumnado poderá facer consultas, resolver dúbidas ou concertar tutorías.</li><li>- Moodle: diariamente segundo a necesidade do alumnado para consulta de materiais didácticos, modelos de traballos, entrega de traballos, comunicacións e outros.</li><li>- Teams: en función do horario docente semanal fixado no calendario de aulas da facultade, fixaranse as sesións semanais en gran grupo e pequeno grupo, para atender as necesidades do alumnado.</li></ul> <p>Como mínimo haberá unha sesión semanal en gran grupo.</p> <p>En pequeno grupo realizaranse accións de seguimento e tutorización dos traballos asignados.O número de sesións empregadas será variable en función da fase do curso.</p> <p>Como mínimo as asignadas no calendario de aulas da facultade.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non se realizarán modificacións respecto os procedementos na avaliación e criterios de cualificación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizaran cambios</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A8	8. (CE-G8)Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá
A10	10. (CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A13	13. (CE-G13)Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A14	CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A15	CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A16	(CE-E2)Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinós.
A17	(CE-E3)Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A18	(CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A19	(CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A20	(CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.



A21	(CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A22	(CE-E8)Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A23	(CE-E9)Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A24	(CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A27	(CE-E13)Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A30	CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización..
A32	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia
A34	(CE-P5) Coñecer a tipoloxía empresarial correspondente aos sectores produtivos e comprender os sistemas organizativos máis comúns nas empresas (FP)
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Analizar o currículo dos módulos da especialidade de FOL e valorar as ausencias e potencialidades para formar persoas cun pensamento crítico activista sobre as desigualdades de xénero e a precarización laboral.	AP15 AP16 AP17 AP18 AP23		CM4 CM5 CM7
Analizar o organigrama dos centros onde se imparte a FP e as funcións do departamento de FOL			CM3
Integrar o enfoque de xénero nas programacións e nas unidades didácticas e valorar a súa importancia para acadar a equidade de xénero.	AP8 AP10 AP15 AP16 AP20 AP21 AP25		CM3 CM4
Describir o sistema de acceso a función docente no ensino público e privado e os requirimentos esixidos	AP16		



Deseñar unha programación dun dos módulos da especialidade e unha unidade didáctica da programación, contextualizadas a nivel de centro e de alumnado.	AP13 AP14 AP15 AP16 AP17 AP18 AP19 AP20 AP21 AP22 AP23 AP24 AP25 AP27 AP30 AP34		CM1 CM3 CM6 CM7
Identificar as funcións do profesorado de FOL e calcular as súas retribucións.	AP15 AP18		
Utilizar as TIC para a aprendizaxe profesional e para a promoción da competencia dixital do alumnado	AP23		CM3 CM6 CM7
Valorar as posibilidades dos módulos da especialidade para a construción dun pensamento crítico e activista e reflectir esta perspectiva na súa planificación.	AP14 AP15 AP16 AP20 AP32		CM4 CM7
Analizar e valorar a normativa aplicable á actividade docente na FP e trasladala á planificación dos módulos da especialidade.	AP13 AP14		CM4

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.-Contexto organizativo e funcional dos centros de Formación Profesional.	1.1. Normativa que regula a organización e o seu funcionamento 1.2. Tipoloxía de centros de formación profesional, espazos e equipamentos. 1.3. A organización docente nos centros de FP. Órganos de Goberno e Coordinación Didáctica. Proxecto Educativo e Proxecto Funcional 1.4. El Departamento de Formación y Orientación Laboral. Composición y funciones. El trabajo en equipo. La colaboración con el Departamento de Orientación y en el desarrollo del PAT.
Tema 2.- O corpo de Profesorado do Ensino Secundario: a especialidade de Formación e orientación laboral (FOL)	2.1. Corpos de profesorado e categorías profesionais 2.2..Sistema de acceso ó ensino público e o ensino privado 2.2. Retribucións 2.3.Autoemprego.
Tema 3. Módulos da especialidade e normativa aplicable	3.1. Módulos da especialidade nos ciclos LOXSE 3.2. Módulos da especialidade nos ciclos LOE 3.3. Formación en centros de traballo 3.4. Normativa aplicable e implicacións para a planificación curricular



Tema 3. Planificación nos distintos niveis de concreción curricular: do currículo oficial á programación de aula.	3.1. A programación dos módulos 3.2. A programación de aula
Tema 4. Metodoloxía e avaliación	4.1. Técnicas e estratexias metodolóxicas: tipoloxía e características 4.2. Avaliación: tipos, técnicas e instrumentos. 4.3. A participación do alumnado na avaliación: finalidades e instrumentos. 4.3. Avaliación e xestión da calidade nos centros de FP
Tema 5. Educación mediática e TIC	5.1. Educación mediática: concepto, finalidade e integración na programación dos módulos da especialidade 5.2. Competencia dixital docente. A competencia dixital como obxectivo e contido das materias e módulos da especialidade. 5.3. Recursos e ferramentas dixitais para o ensino e aprendizaxe dos módulos da especialidade..
Tema 6. A atención á diversidade	6.1. Atención á diversidade: conceptualización e medidas que prescribe a normativa. 6.2. Estratexias e recursos para a atención á diversidade
Tema 7. A integración da perspectiva de xénero	7.1. Finalidades e modalidades de integración 7.3. Experiencias e recursos 7.4. Normativa, plans e actuacións específicas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A16	3	0	3
Sesión maxistral	A8 A10 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A22 A24 A34	16	0	16
Análise de fontes documentais	A10 A13 A14 A15 A17 C4 C6 C7	12	52	64
Presentación oral	A23 C3 C1	4	5	9
Aprendizaxe colaborativa	A8 A14 A22 A32	28	55	83
Traballos tutelados	A32 A30 A27 A25 A24 A23 A22 A21 A20 A19 A16 A15 A14 A13 A10 A8 C1 C3 C4 C5 C6 C7	17	76	93
Traballos tutelados	A8 A10 A14 A15 A18 A19 A21 A23 A25 C1 C3 C4 C6	0	25	25
Solución de problemas	A16 C3	4	0	4
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Actividades iniciais	As actividades iniciais teñen unha dupla finalidade: a) que o alumnado tome conciencia dos seus coñecementos previos, de xeito que se convertan nun referente para a análise e reflexión do que precisan aprender e das aprendizaxes construídas na materia. b) A posta en común e resolución de dúbidas das cuestións formuladas sobre as temáticas previamente traballadas fora da aula e que forman parte da clase invertida.
Sesión maxistral	A sesión maxistral utilízase para presentar unha boa parte dos temas que se abordan na materia. A sesión maxistral combínase coa clase invertida, deste xeito límitase o papel de transmisor de contidos do profesorado.
Análise de fontes documentais	A análise das fontes documentais está vinculada o traballo tutelado. A súa finalidade é o deseño da programación e dunha unidade didáctica, principalmente a elaboración do apartado de fundamentación teórica e legal.
Presentación oral	Consiste na difusión entre as persoas da clase do produto elaborado no traballo tutelado. Dispoñen de 20 minutos e na presentación teñen que participar todas as persoas do grupo de traballo.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa está implícita no resto das metodoloxías que son realizadas en grupo.
Traballos tutelados	O traballo tutelado presenta as características e elementos da aprendizaxe baseada en proxectos. O reto é o deseño dunha programación e dunha unidade didáctica. A análise documental, a aprendizaxe colaborativa, unha parte das prácticas a través das TIC e a presentación oral están integradas no traballo tutelado.
Traballos tutelados	Consistirá en tres traballos individuais:  - Lectura e comentario sobre o Libro Mal de Escola de Daniel Pennac - Elaboración dun catálogo de recursos cinematográficos para empregar como recurso didactico en FOL e EIE - Deseño de dúas actividades de aula con dous dos recursos escollidos da selección realizada.
Solución de problemas	Relacionados co elaboración de nóminas e con outras temáticas dos módulos da especialidade. Constitúe unha fórmula para afondar nalgúns dos contidos dos módulos da especialidade.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Traballos tutelados	A atención personalizada ten como finalidades a supervisión e orientación do traballo tutelado e lévase a cabo no horario de titorías e nas aulas reservadas para a súa realización.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A23 C3 C1	A presentación vai ser avaliada polo resto dos compañeiros e compañeiras a partir dunha rúbrica.	15
Traballos tutelados	A32 A30 A27 A25 A24 A23 A22 A21 A20 A19 A16 A15 A14 A13 A10 A8 C1 C3 C4 C5 C6 C7	Consiste no deseño dunha programación e dunha unidade didáctica. Para a súa avaliación proporcionanse dúas rúbricas, nas que se detallan as dimensións a avaliar, os niveis de logro e os criterios de cualificación. As rúbricas entreganse coa proposta de traballo tutelado.  Tamén se avalia a participación e contribución de cada unha das persoas do grupo. A través dun proceso de coavaliación, e de xeito consensuado, asígnase a cada membro do grupo unha porcentaxe (de 0 a 100). A cualificación obtida por cada unha das persoas do grupo é o resultado de aplicar esta porcentaxe sobre a cualificación obtida na programación e na unidade didáctica.	65



Solución de problemas	A16 C3	Relacionados co elaboración de nóminas e con outras temáticas dos módulos da especialidade. Constitúe unha fórmula para afondar nalgúns dos contidos máis prácticos dos módulos da especialidade.	5
Traballos tutelados	A8 A10 A14 A15 A18 A19 A21 A23 A25 C1 C3 C4 C6	Consistirá en tres traballos individuais:  Lectura e comentario sobre o Libro Mal de Escola de Daniel Pennac Elaboración dun catálogo de recursos cinematográficos para empregar como recurso didactico en FOL e EIE Deseño de dúas actividades de aula con dous dos recursos escollidos da selección realizada.	15

## Observacións avaliación

### COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN GALEGO

A competencia lingüística en galego tamén vai ser obxecto de avaliación na presentación oral e nas actividades escritas grupais e individuais. O seu peso na cualificación final pode chegar até 0,5 puntos. ASISTENCIA A asistencia ás sesións presenciais e/ou virtuais é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular que ocasionalmente non acuda a unha sesión deberá de realizar e entregar as actividades realizadas na aula. No caso de non acadar o 80% de asistencia, o alumnado terá que realizar unha proba mixta (ensaio sobre os contidos da materia e de aplicación práctica ) e realizar individualmente as tarefas propostas. REQUERIMENTOS PARA APROBAR A MATERIA A cualificación final será o resultado das puntuación obtidas nas distintas actividades que computan na cualificación. Para superar a materia é indispensable obter a metade da cualificación nos traballos tutelados. Na avaliación da segunda oportunidade deberán de recuperarse as actividades non superadas.

É obrigatorio o uso dunha linguaxe inclusiva. FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse no texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 6º edición. Plaxio O plaxio será motivo de suspenso. Así o establece o artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC: " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixianl, incljido aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC- [https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_avalacion\\_revision\\_reclamacion\\_consolidado\\_1.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avalacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf)- <http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

## Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<p>- De Miguel, M (2006). Modalidades de enseñanza centradas en el desarrollo de competencias. Orientaciones para promover el cambio metodológico en el espacio europeo de educación superior. Oviedo: Ediciones Universidad de Oviedo.- Prieto, A, Díaz, Santiago, R. (2017). Metodologías Inductivas. El desafío de enseñar mediante el cuestionamiento y los retos.- Alfonso Tapia (1991). Cinco principios para el diseño motivacional de la instrucción.- Fortea, M.A. (2009). Metodologías didácticas para la enseñanza-aprendizaje de competencias.- Elena Cano (Editora) (2012). Aprobar o aprender. Estrategias de evaluación en la sociedad red. Barcelona: Universidad de Barcelona.- Sanmartín, N. (2007). Evaluar para aprender. Diez ideas clave.- Josep, A. (Coord.) (2011). Evaluación por competencias en la universidad: competencias transversales. ICE Universitat Barcelona y Editorial Octaedro.- Vila, A. e Poblet, C. Poblet, M. (2011). Evaluación de competencias genéricas, principios, oportunidades y limitaciones. Bordón 63, pp 147-171.- Inbernón, F. e Medina, J.L (2005). Metodología participativa a l'aula universitària. La participació de de l'alumnat. Barcelona: ICE. Quaderns de Docència Universitària, 4.- Willson, C. ; Grizzle, A; Tuazón, A; Akyempong, P. e Cheung, C.-T. (2011) Alfabetización mediática e informacional. UNESCO.- Granados, J.; López, R.; Avello, R.; Luna, D.; Luna, E. y Luna, W. (2017). TIC, TAC y TEC como instrumentos de apoyo al docente de la universidad del siglo XXI.- Arnaiz, B.; Careaga, H.; Carramiñana, S. e Oskoz, J.M. (2015). Guía para la incorporación de la perspectiva de género (?) Gasteiz: Servicio de Publicaciones del País Vasco.- Xunta de Galicia (2018). I Plan Galego para a conciliación e a corresponsabilidade 2018-2021. - Alfonso Tapia, J. (2005). Motivar en la escuela. Motivar en la familia. Madrid: Editorial Morata.- Castela, A. Torres, S, e X. Romaris (s/d). Procedemento de elaboración de programacións de FP. Revista Galega do Ensino.- Ana Tarabini (Dir.). Jacovkis, J. Montes, A. (2017). Los Factores de Exclusión Educativa en España: Mecanismos perfiles y espacios de intervención. Madrid: UNICEF Comité Español.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	Para cada tema facilítase unha listaxe de bibliografía obrigatoria e a complementaria

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Formación profesional e mercado laboral/652606611

Inserción e orientación laboral/652606612

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Inserción e orientación laboral/652606612

Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral/652606E31

### Observacións

**ACTUALIZACIÓN DO PERFIL PERSOAL** Como máis tardar, na terceira sesión de clase, todo o alumnado ha de pendurar unha foto actual no seu perfil de moodle.  
**COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL** Débese facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En coherencia cos principios enunciados os traballos impresos que se teñan que entregar non utilizarán plásticos, estarán impresos a dobre cara e empregarán papel reciclado.  
**CARGA DE TRABALLO** A realización das tarefas indicadas na guía docente supoñen unha dedicación de 112 horas de traballo fora da aula. Polo tanto, cómpre unha boa planificación e xestión do tempo.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías